



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Dereito: Teoría do dereito

Materia	Dereito: Teoría do dereito			
Código	O03G730V01111			
Titulación	PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Álvarez González, Susana			
Profesorado	Álvarez González, Susana Feijóo Miranda, José			
Correo-e	sualvago@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia de formación básica do Grao en Dereito (9 ECTS). Esta materia supón un achegamento do alumnado ao fenómeno xurídico dende un marco de reflexión mais abstracto e filosófico que as asignaturas propias da dogmática xurídica			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C7	CE7 - Reconstruír e avaliar argumentacións xurídicas complexas
C8	CE8 - Coñecer dende a Teoría do Dereito as principais institucións xurídicas, as funcións do Dereito, as características dun ordenamento xurídico: unidade, coherencia, integridade; os principios e valores constitucionais coa finalidade de poder aplicar estes coñecementos na resolución pacífica dos problemas dunha sociedade actual, utilizando a interpretación e argumentación xurídicas como consecuencia dun pensamento crítico, lóxico e creativo
C33	CE41 - Saber interpretar e aplicar as normas que regulan os dereitos fundamentais así como as súas garantías
C34	CE42 - Saber interpretar e aplicar a nova normatividade xerada polas devanditas transformacións
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.

D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O obxectivo básico desta materia é formar aos estudantes no coñecemento e aplicación do Dereito como sistema de resolución pacífica dos conflitos sociais dende un marco de referencia mais abstracto que os das materias propias da dogmática xurídica, cun acercamento dos xuristas ao concepto e as funcións do Dereito, ao estudo do Ordenamento xurídico e da teoría da norma xurídica, das principais institucións, dos principios e valores recoñecidos na Constitución e das relacións do Dereito con outros ordenamentos normativos.	A1	B1	C7	D1
	A2	B2	C8	D2
	A3	B3	C33	D3
	A4	B4	C34	D4
	A5			D5

### Contidos

Tema	
I. O Dereito como forma de organización social e como sistema normativo.	TEMA 1. O concepto de Dereito. Positivismo e Iusnaturalismo. O Dereito como sistema normativo. Validez, eficacia e xustiza do Dereito. TEMA 2. O Dereito como forma de organización social. O control social e o Dereito. Dereito e cambio social. As funcións do Dereito. TEMA 3. O Dereito e outras ordes normativas. O Dereito e os usos sociais. O Dereito e a moral. Distincións e conexións. Ética pública e ética privada. O Dereito como realización da moralidade: moral legalizada. TEMA 4. Dereito e forza. Dereito e poder político. Aproximación histórica. Aproximación sistemática. O punto de vista externo. O punto de vista interno: o Dereito como organización do poder. O Estado de Dereito e os seus tipos.
II. A ciencia do Dereito.	TEMA 5. O coñecemento científico sobre o Dereito: a polémica sobre a súa posibilidade. A dogmática xurídica. Ciencia do Dereito, Filosofía do Dereito e Socioloxía do Dereito. Dereito e cultura popular.
III. Teoría do Dereito: a norma xurídica e o sistema xurídico.	TEMA 6. A norma como proposición prescritiva. Principais dimensións da norma xurídica. Clasificación das normas xurídicas. Principios e regras. TEMA 7. O ordenamento xurídico como sistema. A unidade do ordenamento xurídico. A coherencia do ordenamento xurídico e o problema das antinomías. A plenitude do ordenamento xurídico e as lagoas. TEMA 8. A produción normativa. O Dereito legal e o Dereito xudicial. Outras normas de produción normativa: especial referencia ás fontes do Dereito da Unión Europea.
IV. Interpretación e aplicación do Dereito.	TEMA 9. Interpretación e aplicación do Dereito. Dereito e linguaxe. Criterios de interpretación. A argumentación xurídica.
V. Conceptos xurídicos fundamentais.	TEMA 10. A relación xurídica. Dereito subxectivo e deber xurídico. Responsabilidade. Ilícito e delito. A sanción e os seus tipos.
VI. Os problemas do Dereito xusto e a eficacia do Dereito.	TEMA 11. Xustiza e Dereito. Teorías da Xustiza. Iusnaturalismo e positivismo xurídico. TEMA 12. Lexitimidade do poder e xustiza do Dereito. A xustiza formal: a seguridade xurídica. A xustiza material: liberdade, igualdade e solidariedade. Os dereitos fundamentais, os valores e os principios como desenvolvemento da idea de xustiza. Perspectiva de xénero e Dereito. TEMA 13. A obediencia ao Dereito. Obriga moral e obriga xurídica. Obediencia e resistencia ao Dereito. A desobediencia civil e a obxección de conciencia

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	22	44	66
Debate	1	0.5	1.5
Lección maxistral	49	92	141
Práctica de laboratorio	3	10	13
Observación sistemática	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	2.5	0	2.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Análise de contidos específicos, resolución de supostos prácticos. Os supostos tratarán os temas dos contidos da materia reflexados no punto terceiro da guía docente. O cronograma da materia conterá o iter temporal do seu desenvolvemento.
Debate	Intervencións, debates e actividades en grupo sobre os diferentes contidos da materia
Lección maxistral	Exposición de contidos estruturais e esenciais da materia

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Resolución de casos prácticos dos contidos da materia. A titorización académica poderá realizarse de xeito presencial ou por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros das plataformas de teledocencia da Universidade, ...) baixo a modalidade de concertación previa por correo electrónico co profesor. No caso de que o profesorado opte pola modalidade presencial de titorías, o seu horario poderá consultarse na páxina web da Facultade de Dereito: <a href="http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/">http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/</a>

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Práctica de laboratorio	Probas de carácter periódico destinadas a valorar a correcta comprensión e aplicación dos contidos da materia, a análise e o razoamento críticos. Para superar a materia será preciso acadar nas probas una nota media de 5 puntos nesta parte da asignatura. A avaliación desta parte da materia está dirixida a adquisición do resultado de aprendizaxe que figura no apartado segundo da guía docente	30	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B3 B4	C7 C8 C33 C34	D1 D2 D3 D4 D5
Observación sistemática	Avaliación periódica das intervencións e capacidade de exposición, debate, comprensión e razoamento crítico na aula. A avaliación desta parte da materia está dirixida a adquisición do resultado de aprendizaxe que figura no apartado segundo da guía docente	10	A3 A4	B3 B4	C7 C33	
Exame de preguntas obxectivas	Probas obxectivas dirixida a provocar a lembranza da aprendizaxe previa. Poderá consistir na realización dunha pregunta longa, de varias preguntas curtas e/ou nunha proba tipo test. Realizaranse dúas probas parciais, de carácter xeral e da forma previamente descrita, ao longo do cuadrimestre.  Cada proba terá un valor do 30% e para superar a materia será necesario acadar en cada unha das probas un mínimo de 5 puntos. Con esta metodoloxía avalíase o resultado de aprendizaxe que figura no apartado segundo da guía docente.	60	A1 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C7 C8 C33 C34	D1 D2 D3 D4 D5

## Outros comentarios sobre a Avaliación

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS: Parte teórica e parte práctica: para superar a materia de Teoría do Dereito será necesario aprobar tanto a parte teórica como a parte práctica. As probas están especificadas nos apartados anteriores, así como os resultados de aprendizaxe que se deben adquirir coa materia:

Requisitos para superar a avaliación continua:

a) Parte teórica: superar cada una das probas obxectivas de avaliación e asistencia ao 80% das clases.

b) Parte práctica:

-Que a media das probas realizadas sexa de 5 puntos.

-Asistencia ao 80% das clases.

Unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a materia, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

As titorías do profesorado da materia pode consultarse e/ou solicitarse no/ seguinte/s enlace/s:

<https://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/susana-alvarez-gonzalez/>

<https://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/pablo-raul-bonorino-ramirez/>

<https://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/jose-feijoo-miranda/>

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS. Avaliación de competencias para os/as alumnos/as que non se sometan á avaliación continua: proba obxectiva teórica (60%) e proba práctica (40%) consistente nun exame final da materia que abarca contidos teórico-prácticos. As competencias que deben adquirir os estudantes e os resultados de aprendizaxe son as descritas no primeiro apartado. Para superar a materia de Teoría do Dereito será necesario aprobar tanto a parte teórica como a parte práctica

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA. A adquisición de competencias na segunda oportunidade avaliarase a través dunha proba obxectiva consistente nun exame final de cada unha das partes nas que se divide a materia. Nas devanditas probas avaliaranse as competencias non adquiridas previamente así coma os resultados de aprendizaxe vinculados ás mesmas.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso e documentación concordante.

As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado.

De ser necesario, por motivos excepcionais, precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

### **Bibliografía Complementaria**

Peces-Barba Martínez, Gregorio, **Curso de Teoría del Derecho**, Marcial Pons,

Pérez Luño, Antonio Enrique y otros,, **Teoría del Derecho**, Tecnos,

Bobbio, Norberto, **Teoría General del Derecho**, Debate,

Bonorino Ramírez, Pablo Raúl, **Introducción á teoría do dereito**, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Vigo,

Casanovas, P. y Moreso, J. J.,, **El ámbito de lo jurídico**, Crítica,

Kelsen, Hans, **Teoría Pura del Derecho. Introducción a los problemas de la Ciencia jurídica**, Trotta,

Hart, H.L.A.,, **El Concepto de Derecho**, Abeledo Perrot,,

Ross, Alf.,, **Sobre el derecho y la justicia**, Eudeba,

Dworkin, Ronald,, **Los derechos en serio**, Ariel,

Prieto Sanchís, Luís y otros, **Lecciones de Teoría del Derecho**, Mac Graw Hill,,

De Lucas, Javier y otros, **Introducción a la teoría del Derecho**, Tirant lo Blanc,

Atienza, Manuel, **El sentido del Derecho**, Ariel,

Alchourrón, C. y Bulygin, E.,, **Análisis lógico y Derecho**, CEC,

Nino, Carlos Santiago,, **Introducción al análisis del derecho**, Depalma,

Garzón Valdés, Ernesto, **Derecho, ética y política**,, CEC,

Kennedy, Duncan, **Izquierda y derecho. Ensayos de teoría jurídica crítica**,, Buenos Aires: Siglo XXI.,

Marí, Enrique E. y otros, **Materiales para una teoría crítica del derecho**,, Buenos Aires: Abeledo-Perrot.,

Entelman, Ricardo, Pierre Legendre y otros, **El discurso jurídico. Perspectiva psicoanalítica y otros abordajes epistemológicos**,, Buenos Aires: Hachette.,

Correas, Oscar (ed.), **El otro Kelsen**,, México:UNAM,

Calvo González, José, **El escudo de Perseo. La cultura literaria del Derecho**, Granada: Comares,

Dworkin, R.,, **Justicia para los erizos**, Bs. As.FCE,

Dworkin, R.,, **Una cuestión de principios**, Bs. As. Siglo XXI,

McKinnon, C.,, **Feminismo inmodificado**, Bs. As. Siglo XXI,

GRAEBER, DAVID, **La utopía de las normas**, Ariel,

Bonorino, P.,, **Argumentación, derecho y justicia**, Eolas,

Lumia, G, **Principios de teoría e ideología del derecho**, Debate,

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Argumentación e interpretación xurídica/O03G081V01921

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

